

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 16 de xaneiro de 2008.–O ministro de Tránsito e Asuntos Sociais, Jesús Caldera Sánchez-Capitán.

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

1096 *ORDE APA/38/2008, do 17 de xaneiro, pola que se modifican determinadas datas do Real decreto 947/2005, do 29 de xullo, polo que se establece o sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina. («BOE» 19, do 22-1-2008.)*

Coa aprobación do Regulamento (CE) n.º 21/2004, do Consello, do 17 de decembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina e se modifican o Regulamento (CE) n.º 1782/2003 e as directivas 92/102/CEE e 64/432/CEE, a identificación dos animais das ditas especies alcanza un grao de desenvolvemento suficiente como para considerar a identificación individual dos ditos animais, coa excepción dos animais que se destinen a sacrificio antes dos 12 meses de idade dentro do territorio nacional, e implantar a identificación electrónica como medio oficial de identificación a partir do 1 de xaneiro de 2008.

Por outro lado, o Regulamento (CE) n.º 1560/2007 do Consello, do 17 de decembro de 2007, polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 21/2004 no que se refire á data de introdución da identificación electrónica de animais das especies ovina e caprina atrasou a data de entrada en vigor da identificación electrónica en toda a Unión Europea ata o 31 de decembro de 2009, e quedaron afectados outros puntos do regulamento que estaban directamente relacionados con esta data, como son a anotación dos códigos de identificación individuais nos libros de rexistro de explotación e nos documentos de traslado dos animais.

A publicación no Diario Oficial de la Unión Europea do citado Regulamento (CE) n.º 1560/2007 fai necesario, por razóns de seguranza xurídica, establecer unha disposición transitoria que retrotraia os seus efectos a partir do día 1 de xaneiro de 2008.

O sistema de identificación oficial establecido no noso país mediante o Real decreto 947/2005, do 29 de xullo, polo que se establece o sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina baséase en que todos os animais nados despois do 9 de xullo de 2005, agás excepcións, levarán unha marca auricular e un identificador electrónico do tipo bolo ruminal cun código, idéntico en ambos os dispositivos, que identificará individualmente estes animais durante toda a súa vida.

A modificación da data de entrada en vigor da identificación electrónica en toda a Unión Europea, igual que acontece coa normativa comunitaria, tamén afecta algúns puntos do Real decreto 947/2005 que entraban en vigor o 1 de xaneiro de 2008, polo que é necesaria, para a seguranza xurídica, a modificación desa norma para atrasar a súa entrada en vigor.

En virtude da disposición derradeira segunda do Real decreto 947/2005, que faculta o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para a modificación dos anexos para a súa adaptación de acordo coas modificacións intro-

ducidas pola normativa comunitaria e para a modificación das datas mencionadas nos artigos 9 e 10, mediante esta orde modifícase o mencionado real decreto.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 947/2005, do 29 de xullo, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina.*

O Real decreto 947/2005, do 29 de xullo, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina, queda modificado do modo seguinte:

Un. O artigo 9.2 substitúese polo seguinte texto:

«2. O libro de rexistro terá un formato aprobado pola autoridade competente, levarase de forma manual ou informatizada e conterá os datos mínimos que se indican no número 1 do anexo IV. A partir do 31 de decembro de 2009, para cada animal identificado individualmente, engadirase a información que se indica no número 2 do citado anexo IV.»

Dous. O artigo 10.2 substitúese polo seguinte texto:

«2. A partir do 31 de decembro de 2009, o documento de traslado recollerá, cando corresponda, ademais dos datos previstos no número anterior, o código individual de identificación de cada animal definido no artigo 4.4.»

Tres. O número 2 do anexo IV substitúese polo seguinte texto:

«2. A partir do 31 de decembro de 2009 rexistrárase, adicionalmente á información mencionada no número 1, para cada animal nacido despois desa data, identificado individualmente:

- Código de identificación do animal.
- Ano de nacemento e data de identificación.
- Raza e, se se coñece, o xenotipo.
- Mes e ano, se o animal morreu na explotación.»

Disposición transitoria única. *Aplicación.*

A orde aplicarase con efectos retroactivos a partir do 1 de xaneiro de 2008.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria única.

Madrid, 17 de xaneiro de 2008.–A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, Elena Espinosa Mangana.

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

1403 *REAL DECRETO 64/2008, do 25 de xaneiro, polo que se modifica o Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 772/1997, do 30 de maio. («BOE» 23, do 26-1-2008.)*

O alarmante aumento da sinistralidade das motocicletas que se vén producindo nos últimos tempos resulta

especialmente acusado nas de maior cilindrada. Un dos factores que, de maneira clara, contribuíu a este aumento é o da falta de experiencia na condución destes vehículos.

Para atallar esta situación é imprescindible adoptar unha serie de medidas que pasarán, necesariamente, por incorporar á nosa normativa as previsións que as directivas comunitarias poñen á disposición dos Estados membros para reforzar as exixencias xerais de acceso á condución destes vehículos.

Entre estas medidas está a de exixir, para o acceso á condución das motocicletas de maior potencia, unha experiencia previa na condución das motocicletas das categorías inferiores ás que autoriza o permiso que se pretende obter, así como a de establecer como obrigatoria a superación das probas de control de aptitudes e comportamentos previstas para a obtención de cada clase de permiso, suprimindo as exencións viventes.

Ademais, polo que se refire aos ciclomotores, atrásase a idade mínima necesaria para obter a correspondente licenza de condución aos quince anos cumpridos e exíxese, en todo caso, a superación dunha proba de control de aptitudes e comportamentos en circuíto pechado. Así mesmo, prevese a prohibición de que os seus titulares poidan transportar pasaxeiros ata que teñan dezaioito anos cumpridos.

A parte destas medidas, elimínase o prazo máximo de catro anos previsto no vixente Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 772/1997, do 30 de maio, para poder solicitar a prórroga da vixencia dos permisos e licenzas de condución sen necesidade de volver superar as probas de control de coñecementos e de aptitudes e comportamentos correspondentes.

Esta previsión outorgaba ao simple incumprimento dun trámite administrativo, como é a presentación fóra do prazo regulamentariamente previsto da solicitude para a prórroga de vixencia, unhas consecuencias excesivamente gravosas o cal, ademais, resulta incongruente co disposto nos artigos 16 e 17 do Regulamento xeral de condutores que, respectivamente, fixan o período de vixencia dos permisos e licenzas de condución en función da idade do seu titular e da clase de permiso ou licenza de que se trate e condicionan a súa prórroga á simple acreditación de que o condutor conserva as aptitudes psicofísicas exixidas para a obtención das mencionadas autorizacións. Así, unha simple falta de dilixencia no cumprimento deste prazo de catro anos desde que o permiso caducou para presentar a solicitude de prórroga, determina a necesidade de que o solicitante se teña que someter a todas as probas previstas para obter o permiso ou licenza de que se trate como se se obtivese por primeira vez.

Desde outro punto de vista, obsérvase que as consecuencias derivadas dunha solicitude extemporánea da prórroga de vixencia do permiso ou licenza de condución son máis graves que as que se producen cando un condutor perde a totalidade dos puntos asignados á súa autorización administrativa para conducir como consecuencia das sucesivas sancións firmes en vía administrativa impostas pola comisión de determinadas infraccións graves e moi graves.

A necesaria coherencia do sistema, a adaptación aos principios do permiso de condución por puntos, que pon especial incidencia no comportamento do condutor en estrada sobre o cumprimento de determinados requisitos administrativos, aconsellan dar nova redacción ao número 3 do artigo 17 do Regulamento xeral de condutores, establecendo a posibilidade de que a prórroga de vixencia do permiso ou licenza de condución se poida solicitar en calquera momento posterior á data en que caducou.

Por último, modifícase o número de posibles respostas correctas ás preguntas formuladas nas probas de control de coñecementos para a obtención dos permisos e licenzas de condución, que poderán ser varias e non só

unha, e elévase, consecuentemente, a porcentaxe de erros máximos permitidos para ser declarado apto nas ditas probas.

Na súa virtude, por proposta dos ministros do Interior e de Sanidade e Consumo, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de xaneiro de 2008,

DISPÕÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 772/1997, do 30 de maio.*

O Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 772/1997, do 30 de maio, queda modificado como segue:

Un. O artigo 12 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 12. *Idade requirida para obter a licenza de condución.*

1. A idade mínima requirida para obter a licenza de condución será a seguinte:

a) Quince anos cumpridos para a que autoriza a conducir ciclomotores e catorce anos cumpridos para a que autoriza a conducir vehículos para persoas de mobilidade reducida (coches de minusválido).

b) Dezaseis anos cumpridos para a que autoriza a conducir vehículos especiais agrícolas autopropulsados e conxuntos destes cuxa masa ou dimensións máximas autorizadas non excedan os límites establecidos para os vehículos ordinarios.

2. Malia o disposto no número 1.a) anterior, as licenzas que autorizan a conducir ciclomotores ou vehículos para persoas de mobilidade reducida, ata que os seus titulares cumpran dezaioito ou dezaseis anos, respectivamente, non autorizarán a transportar pasaxeiros.»

Dous. O número 3 do artigo 17 queda redactado do seguinte modo:

«3 O titular dun permiso ou licenza de condución cuxa vixencia caducase poderá solicitar a súa prórroga presentando os documentos a que se refire o número 2 anterior».

Tres. Incorpórase un número 9 ao artigo 52 coa seguinte redacción:

«9. Os solicitantes de licenza de condución de ciclomotores realizarán as manobras A) e B) indicadas no número 2.

Estas manobras realizaranse a pouca velocidade e deben permitir comprobar o manexo do freo, o equilibrio, a dirección da visión, a posición sobre o ciclomotor e a posición dos pés nos repousapés.»

Catro. O número 2 do artigo 53 queda redactado do seguinte modo:

«2. Os aspirantes ao permiso das clases A1 e A deberán demostrar, ademais, que son capaces de conservar o equilibrio a diferentes velocidades, incluída a marcha lenta, e en diversas situacións de condución e circulación.»

Cinco. O número 1 do artigo 56 queda redactado do seguinte modo:

«1. As probas de control de coñecementos faranse de modo que se garanta que o aspirante posúe os coñecementos adecuados. Con carácter xeral realizaranse por procedementos informáticos.

O aspirante seleccionará as respostas que considere correctas entre as propostas para cada pregunta.»

Seis. O artigo 58 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 58. *Exencións.*

1. Estarán exentos de realizar a proba de control de coñecementos común a todo permiso de condución, calquera que sexa a súa clase, os que sexan titulares dun permiso de condución en vigor para cuxa obtención fose preciso superar a devandita proba.

2. Estarán exentos de realizar a proba de control de coñecementos sobre mecánica e entretemento simple do automóbil os que, sendo titulares dun permiso de condución das clases C1 ou D1 en vigor, soliciten o das clases C ou D, e os que, sendo titulares dun permiso das clases D1 ou D en vigor, soliciten o das clases C1 ou C.

3. Estarán exentos de realizar a proba de control de coñecementos específicos correspondente os que, sendo titulares dun permiso de condución en vigor, soliciten o da clase A, e sexan titulares do da clase A1; o da clase C e sexan titulares do da clase C1; o da clase D e sexan titulares do da clase D1; o da clase C + E e sexan titulares do da clase C1 + E, D1 + E ou D + E, ou o da clase D1 + E ou D + E e sexan titulares do da clase C1 + E.

4. Estarán exentos de realizar a proba de control de aptitudes e comportamentos en circuíto pechado os que soliciten autorización para conducir os vehículos a que se refire o artigo 7.3 e sexan titulares dun permiso en vigor da clase B, con máis dun ano de antigüidade.

5. Unha vez superada a proba de control de aptitudes e comportamentos en circuíto pechado, aos aspirantes ao permiso das clases A1 e A outorgaralles a Xefatura Provincial de Tráfico unha licenza que os faculte para realizar a súa formación práctica en vías abertas ao tráfico xeral conducindo unha motocicleta baixo a dirección e control inmediatos dun profesor de formación viaria. Tanto a motocicleta como o profesor deberán estar adscritos á escola ou sección en que se realice a aprendizaxe. Sen o dito documento o aspirante non poderá recibir a indicada formación complementaria nin o profesor impartila.

A licenza a que se refire o parágrafo anterior, que o aspirante deberá levar consigo e exhibila cando sexa requirido pola autoridade ou os seus axentes ou polos funcionarios da Xefatura Provincial de Tráfico, terá un período de vixencia non superior ao da proba de aptitudes e comportamentos en circuíto pechado superada.

Cando o aspirante non supere a proba no dito prazo, a licenza poderá ser prorrogada por períodos de tres meses sempre que, continuando a aprendizaxe e presentándose á realización da proba en cada un dos ditos períodos, non a superase.

6. Estarán exentos de realizar a proba de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ao tráfico xeral os que, sendo titulares dun permiso de condución en vigor da clase B, con máis dun ano de antigüidade, soliciten autorización para conducir os vehículos a que se refire o artigo 7.3 deste regulamento.»

Sete. O número 5 do artigo 59 queda redactado do seguinte modo:

«5. Cando se trate de solicitantes de permiso das clases A1 e A, o aspirante realizará a proba conducindo a motocicleta que corresponda sen acompañante. O exa-

minador dirixirá a proba e dará as instrucións precisas, por medio dun intercomunicador eficaz, desde un vehículo de turismo, adscrito ao centro onde o interesado realizase a aprendizaxe, que circulará detrás da motocicleta e irá conducido polo profesor que impartise as ensinanzas prácticas de condución e circulación.

Ao aspirante que padeza hipoacusia que lle impida recibir as instrucións a través de intercomunicador seralle facilitado un esbozo no que se represente graficamente o itinerario que debe realizar.»

Oito. O anexo III queda redactado do seguinte modo

«ANEXO III

Probas que deben realizar os solicitantes de permiso ou licenza de condución segundo a clase de permiso ou licenza solicitados

Clase de permiso	Aptitude psicofísica	Probas			
		Control de coñecementos		Control de aptitudes e comportamentos	
		Común	Específica	En circuíto pechado	En circulación
A1	X	X	X	X	X
A	X	X	X	X	X
B	X	X	(.)	X	X
B + E	X	X	X	X	X
C1	X	X	X	X	X
C1 + E	X	X	X	X	X
C	X	X	X	X	X
C + E	X	X	X	X	X
D1	X	X	X	X	X
D1 + E	X	X	X	X	X
D	X	X	X	X	X
D + E	X	X	X	X	X
BTP (1)	X	X	X	X	X
LCC (2)	X		X	X	
LCM (3)	X		X	X	
LVA (4)	X		X	X	

(1) BTP: autorización para conducir os vehículos a que se refire o artigo 7.3 deste regulamento.

(2) LCC: licenza para conducir ciclomotores.

(3) LCM: licenza para conducir vehículos para persoas de mobilidade reducida.

(4) LVA: licenza para conducir vehículos especiais agrícolas autopropulsados e os seus conxuntos cuxa masa ou dimensións máximas autorizadas non excedan os límites establecidos para os vehículos ordinarios.»

Novo. A alínea A) do anexo V queda redactado do seguinte modo:

«A) Probas de control de coñecementos:

Para ser declarado apto nas probas de control de coñecementos a que se refire o artigo 56, o número de erros permitidos non será superior ao 20 por 100 do total de preguntas formuladas e, nas probas a que se refire o artigo 72, non será superior ao 10 por 100 da puntuación total da proba. No suposto de que ao aplicar o dito tanto por cento o resultado fose decimal aplicarase o enteiro inmediato superior.»

Disposición transitoria primeira. *Licenzas de condución de ciclomotores expedidas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto.*

As licenzas de condución obtidas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto continuarán sendo

válidas nas mesmas condicións que foron expedidas e autorizarán o seu titular a levar pasaxeiro no vehículo aínda que non teña os dezaoto anos cumpridos.

Disposición transitoria segunda. *Período transitorio dos novos requisitos das probas de control de coñcementos.*

A modificación do artigo 56.1 e do anexo V).A será aplicable ás probas que se realicen a partir da data que se fixe mediante orde do ministro do Interior.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de setembro de 2008, agás a modificación do artigo 17.3, que o fará o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 25 de xaneiro de 2008

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

1404 *CORRECCIÓN de erratas da Orde SCO/3317/2007, do 8 de novembro, pola que se modifica o anexo do Real decreto 2106/1996, do 20 de setembro, polo que se establecen as normas de identidade e pureza dos edulcorantes utilizados nos produtos alimenticios. («BOE» 23, do 26-1-2008.)*

Advertidas erratas na inserción do anexo da Orde SCO/3317/2007, do 8 de novembro, pola que se modifica o anexo do Real decreto 2106/1996, do 20 de setembro, polo que se establecen as normas de identidade e pureza dos edulcorantes utilizados nos produtos alimenticios, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 30, do 21 de novembro, páxinas 3720 a 3726, transcríbense a continuación as oportunas rectificacións:

No anexo, páxina 3723, o cadro correspondente a «(II) SACARINA SÓDICA», débese substituír polo seguinte: